

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL DE ADXUDICACIÓN DE BOLSA COMPLEMENTARIA DA DEPUTACIÓN DE OURENSE AO ESTUDANTADO DO CAMPUS DE OURENSE QUE TEN ADXUDICADA UNHA PRAZA DE MOBILIDADE INTERNACIONAL NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS ESTUDOS KA131 NO CURSO 2023-24

A Universidade de Vigo ten asinado un convenio coa Deputación de Ourense no que esta institución comprométese a financiar axudas complementarias ao alumnado do campus de Ourense seleccionado no programa de mobilidade internacional ERASMUS+.

O alumnado ao que vai destinado esta axuda complementaria xa foi seleccionado a través da convocatoria de concorrencia competitiva en desenvolvemento do programa ERASMUS+, publicada o 16 de novembro de 2022 e financiada no marco do convenio de subvención asinado co *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), polo que non é necesaria a convocatoria dun novo procedemento de concorrencia.

De acordo con esta resolución, que prevé que a concesión das bolsas complementarias da Deputación de Ourense se resolverá tras a sinatura do convenio coa Deputación de Ourense a este efecto e tras a adxudicación das prazas, e logo de publicar a resolución reitoral coas listas de estudantado con praza adxudicada, en lista de agarda e excluído, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro: Conceder as 14 bolsas complementarias da Deputación de Ourense que se relacionan no anexo I ao estudantado seleccionado do campus de Ourense no marco da convocatoria do programa Erasmus+ Estudos para o curso 2023-24, segundo a resolución reitoral do 22 de marzo de 2023, por orde de **nota media ponderada a 30 de setembro de 2023** cos seguintes requisitos:

- Estar matriculado/a no curso 2023-24 en titulacións do campus de Ourense.
- Non ter concedida unha bolsa complementaria da Deputación de Ourense para unha estadía Erasmus+ ou bolsa propia en convocatorias anteriores.

Segundo: Establecer unha listaxe de agarda no anexo II, no caso de renuncias.

Terceiro: Abrir un **prazo de reclamacións ás listaxes provisórias de 10 días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#). As reclamacións deberán presentarse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante o procedemento [instancia xenérica \(SXER\)](#) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais (ORI).

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño

